



Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Número de expediente: 366/2023

Asunto: Acta de constitución do tribunal cualificador do proceso selectivo de o de posto/praza de Administrativo de Administración Xeral en execución da Oferta de emprego público ordinaria do ano 2022

I. CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL

En Vilalba, ás 10:37 horas do día 11 de outubro do 2023, preside o acto a persoa empregada pública que ostenta a presidencia titular, Dna. Mónica Bello Novo, que ostenta a súa vez o posto de Tesoureira do Concello de Vilalba.

Actúan como vogais titulares D. Juan Hernando Rosa Ruiz, FHN, Secretario-Interventor na Agrupación de Concellos de Bóveda e O Incio (Lugo); Dna. Sandra Díaz Álvarez, FHN, Interventora do Concello de Vilalba; e D. David Criado Taboada, FHN, Secretario-Interventor do Concello de Agolada.

Actúa como secretario titular D. Alejandro Maseda Mallo, que ostenta a súa vez o posto de Secretario municipal da Corporación.

Asisten presencialmente a presidencia, secretaría e a vogal Sandra Díaz Álvarez, e de forma telemática mediante a aplicación zoom, os restantes vogais do proceso.

A presidencia do Tribunal procede a comprobar o quórum de asistencia e o secretario pregunta aos membros do Tribunal se recibiron a documentación preceptiva do proceso selectivo.

O secretario do Tribunal indica que se remitiu por correo electrónico aos membros do Tribunal a seguinte documentación de acordo co establecido no Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba (BOP Núm. 073 - mércores, 29 de marzo de 2023 PÁX. 27, R. 0887):

- Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba (BOP Núm. 073 - mércores, 29 de marzo de 2023 PÁX. 27, R. 0887).
- Bases que rexen a convocatoria de probas selectivas para a provisión dunha praza de Administrativo, como funcionario de carreira, por sistema de oposición,





Concello de Vilalba

quenda libre, encadrada na escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, Grupo C, Subgrupo C1, publicadas no BOP de Lugo Núm. 042 - luns, 20 de febreiro de 2023 (Páx. 37).

- Lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de referencia (Decreto de Alcaldía n.º 2023-0665, do 7 de setembro).
- Declaración aos efectos do previsto no artigo 18.1 c) e d) do Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba.

A presidencia declara constituído o Tribunal por estar todos os seus membros titulares designados por acordo da Alcaldía 2023-0665 de data 9 de xullo do 2023, e cumprirse as formalidades recollidas nos artigos 18 a 20 das Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba.

Conforme aos artigos 7, 8 e 18 letra f) do referido regulamento, a Presidencia do órgano recorda o deber de sigilo profesional e confidencialidade dos asuntos e os datos que se traten como consecuencia da participación como membros do Tribunal de selección.

Deixase constar que, segundo a ausencia de apreciacións neste senso polos membros do Tribunal r que non incorren nas causas de abstención.

II. PREPARACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

A continuación, procédese a organizar á preparación do primeiro exercicio da fase de oposición de acordo co establecido nas Bases específicas da convocatoria e no Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba.

O Tribunal decide a seguinte distribución de temas e número de preguntas por cada membro do tribunal con dereito a voto, fixando como data límite para ter confeccionadas as preguntas tipo test o día 7 de novembro, para poder ser revisadas e realizar o sorteo das 50 preguntas ese mesmo día:

- Dna. Mónica Bello Novo, realizará as preguntas dos temas 7 ao 17 da parte específica;





Concello de Vilalba

- D. Juan Hernando Rosa Ruiz, realizará as preguntas dos temas 1 ao 10 da parte común;
- Dna. Sandra Díaz Álvarez, realizará as preguntas dos temas do 22 ao 26 da parte común, e 1 ao 6 da parte específica;
- D. David Criado Taboada, realizará as preguntas dos temas 11 ao 21 da parte común;

O contido final da proba a realizar será determinado na mesma sesión na que se teña que realizar de conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección, sen prexuízo da preparación das preguntas correspondentes por parte de cada un dos membros do tribunal.

O tribunal acorda que a Secretaría do órgano confeccione un modelo de plantilla, aos efectos de realizar as preguntas baixo un mesma patrón. A referida plantilla será remitida por correo electrónico aos membros do tribunal, e incorporada ao expediente.

III. ACORDOS DO TRIBUNAL

O Tribunal de selección acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO Este órgano colexiado queda constituído cos seus membros titulares de conformidade co disposto no artigo 20 do Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección

SEGUNDO. As persoas opositoras están convocadas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para o día **7 (sete) de novembro ás 13:30 horas** no edificio municipal do Pavillón Municipal de Deportes de Villalba na Rúa Travesía Campo Feira, 50, 27800 Vilalba, Lugo.

TERCEIRO. O Tribunal reunirse ás 8:30 horas do mesmo día, no despacho de Secretaría do Concello, para a preparación do exercicio.

CUARTO. Nomear coma persoal colaborador neste proceso a D. Mauro Chico Carballas, técnico de xestión da Corporación, e Dna. Elva Pereira Castelo, administrativa do Concello de Vilalba.

E para que conste, de conformidade co artigo 15 do Regulamento, asinan a presente acta os membros do tribunal enriba citados, dando por finalizado o acto ás 11:09 horas do día 11 de outubro do 2023 de todo o que como Secretario do Tribunal dou fe.





Concello de Vilalba

A Presidenta do Tribunal, Mónica Bello
Novo,

O Secretario do Tribunal, Alejandro Maseda
Mallo

A Vogal do Tribunal, Sandra Díaz Álvarez, O Vogal do Tribunal, David Criado Taboada

O Vogal do Tribunal, Juan Hernando Rosa Rui

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

